

VIGO

Os versos de Rosalía, en Vigo

A Universidade e o Concelo homenaxearon a figura da escritora galega máis coñecida de tódo-los tempos

B.R. Sotelino | 24/2/2014 | 19:11 h

En Vigo, os versos de **Rosalía de Castro** tamén soaron na Facultade de Filoloxía e Tradución, onde todo aquel que quixo participou nunha lectura-homenaxe á escritora como unha peza clave no imaxinario colectivo galego no día do 177 aniversario do seu nacemento.

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Comisión de Normalización Lingüística da facultade, o acto iniciouse coa lectura da profesora e escritora Rexina Vega do manifesto publicado pola AELG con motivo desta data, un documento no que se avoga por non reducir a homenaxe a un «canto fúnebre», xa que, «ela debe ser sempre outra cousa, unha forza rabuda que move os marcos da literatura... alguén que se vivise neste século XXI, seguiría a denunciar todos aqueles que, baixo a máscara da honradez, pretenden converter a lei en atadura, o corpo en cárcere, a liberdade en servidume».

Ana Bringas, Amparo Solla e Manuel Forcadela foron algúns dos profesores do centro que participaron nunha lectura que contou tamén coa implicación do alumnado do centro, incluído o estudiantado estranxeiro que foi o que se encargou de facer a lectura das diferentes versións traducidas no proxecto Rosalía é mundial, unha iniciativa impulsada pola **Universidade de Vigo** e a Fundación Rosalía que permitiu a tradución de dous dos poemas máis coñecidos de Cantares Gallegos, «Adios ríos, adios fontes» e «Airiños, airiños, aires», a unha longa lista de idiomas.

Ademáis, cada participante na lectura fixo un debuxo nun papel de estraza colocado con tal motivo no corredor da facultade algún verso ou palabra significativa de Rosalía de Castro.

Por outra banda, no Auditorio do Concello de Vigo, Fernando Pereira Bueno, autor de «Rosalía de Castro. Imaxe e realidade», editado por Xerais, impartiu unha conferencia a escolares da

cidade sobre «A imaxe da maior icona visual de Galicia». E na Casa Galega da Cultura tivo lugar unha lectura, en varios idiomas, da obra de Rosalía.